

**A RECUPERACIÓN  
EN GALICIA DA MEMORIA  
DE ROSENDO SALVADO**

Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
Consello da Cultura Galega



Nunha publicación editada no ano 2014 pola Comunidade Beneditina de Nova Nursia, en Australia, para conmemorar os douscentos anos do nacemento de Rosendo Salvado, os representantes da Corporación Aborixe escribían:

O establecemento da misión aborixe en Nova Nursia tivo un profundo efecto sobre a vida das comunidades locais, o pobo yued, pertencente á nación noongar [...]. O bispo Salvado mostrou un fondo respecto e interese polos aborixes recollendo e preservando a nosa lingua, cultura e costumes [...]. Con espírito de reconciliación, gustosamente participaremos nos eventos que conmemoran a vida e o legado do bispo Salvado.

Este testemuño abonda para amosar o recoñecemento que sobrevive cara ao beneditino tudense nos corazóns dunhas comunidades que foron moi duramente castigadas pola historia. Privadas dos dereitos máis elementais, e decimadas por doenzas e desnutricións, só con moito esforzo e decisión conseguiron, xa ben andado o século vinte, situarse como iguais entre as diferentes etnias e legados culturais que integran a poboación australiana. Hoxe séntense orgullosos do seu pasado e defenden con fachenda uns costumes e tradicións que (sábena moi ben) constitúen os máis xenuínos alicerces culturais dese continente, novo e con todo o futuro por diante, que os primeiros colonizadores, alá polo século XVII, bautizaron co nome de Nova Holanda.

En Galicia, e mesmo en España, Rosendo Salvado era moi coñecido no seu tempo. Cando chegaba de terras australianas comentaba con humor que non había «ni perros ni gatos» que non soubesen dos seus pasos. Foi obxecto frecuente de reportaxes ou comentarios, como fixeron na primeira metade do século XX revistas gráficas galegas como *Vida Gallega*, *La Temporada*, *Finisterre*, etc. Lembranzas que duraron, cando menos, ata a conmemoración, en 1945, do centenario da marcha de Salvado a Australia. Nese ano, reeditáronse as súas *Memorias históricas sobre a Australia*, ergueuse o monumento en Tui e, nesta cidade e mais no mosteiro de San Martiño, en Santiago, dedicáronselle dous vítores.

Nos últimos anos, no ámbito internacional, investigadores como G. Cipolлоне, J. Á. Barreda e C. Orlandi, a partir dos arquivos do Vaticano, e A. Haebich e T. Shellam, entre outros, a partir dos australianos, foron rescatando trazos importantes da figura de Rosendo Salvado que confirman a valoración actual da súa obra como defensor dos aborixes da Australia Occidental. O propio pobo australiano sumouse a este recoñecemento dedicándolle unha estatua e unha estrada en Subiaco (Perth) e instituindo no ano 2009 o «Camino Salvado» como ruta de peregrinación, seguindo o modelo de Santiago, para perpetuar a memoria do beneditino.

No ano 2001, o Consello da Cultura Galega, con motivo do centenario do pasamento do padre Salvado, organizou unha exposición conmemorativa nesta cidade e publicou, traducida ao galego, a excelente biografía que realizou en Australia George Russo. Con estas actividades tentaba reparar parcialmente o esquecemento en que semellara caer nos últimos tempos en Galicia o beneditino tudense, do que pouco máis se lembraba que a súa suposta relación coa chegada dos eucaliptos a Galicia.

Nos catorce anos transcorridos desde aquela data, algo se ten camiñado cara a ese obxectivo. Pero aínda fica moito por facer. Pouco se sabe, en Galicia, da súa obra culturizadora e, moito menos, da súa epopea: as fondas dificultades que tivo que vencer para que os aborixes australianos puidesen equipararse nos seus dereitos aos colonos occidentais, ou que a abadía que ergueu en Nova Nursia, ao xeito dos mosteiros medievais, fose, e siga a ser, un foco de cultura viva para a súa contorna. En definitiva, nesta terra descoñécese aínda moito dunha personalidade cun carácter singular, que tanto lle permitiu compartir os costumes e tradicións das tribos aborixes nos recunchos máis afastados da selva como tratar e negociar con reis e papas.

A sensibilidade actual cara aos xenocidios, directos ou indirectos, que a civilización occidental provocou nos países colonizados e o sentimento de culpa e de reparación que normalmente comportan non deberían impedir que se valorase o labor, normalmente heroico, de persoas como Las Casas, en América, ou Salvado, en Australia, que, máis alá do seu obxectivo evanxelizador, souberon recoñecer e defender os valores propios do ser humano e dos seus dereitos.

O Consello da Cultura Galega, no ano 2014, no que se conmemoraron os douscentos anos do nacemento na cidade de Tui do padre Rosendo Salvado,

lembrou, unha vez máis, a figura deste galego egrexio con diferentes actividades, entre as que destacou a organización dunha exposición conmemorativa que se inaugurou en Tui, o 1 de marzo, e despois en Santiago, o 3 de abril, en San Martiño Pinario, mosteiro onde transcorreron os anos da súa formación, e, posteriormente se levou, nos meses de xullo e agosto, á abadía beneditina de Samos.

Esta mostra tiña un obxectivo claramente orientado a destacar o labor de Salvado a prol dos aborixes australianos e de aí o seu título: *Rosendo Salvado, valedor do pobo aborixe*. Resaltouse nela o talante decidido e arriscado do bieito galego nos seus primeiros contactos cos nativos, así como o tacto, intelixencia e discreción con que realiza a inmersión na súa cultura e tradicións. Tamén, á par do seu idealismo misioneiro, o seu sentido organizador fóra do común, planificando con detalle cada un dos pasos que se daban na construción da abadía de Nova Nursia e na consolidación da explotación agrogandeira que a sustentaba. Así mesmo, a insistencia e a decisión con que tivo que loitar en contra dun sentir xeral que consideraba as comunidades aborixes como etnias inferiores e practicamente irrecuperables para a civilización. E, finalmente, como o seu carácter xeneroso, aberto e comunicativo e a súa ampla cultura, humanista e musical pero tamén rica en saberes técnicos, lle abriron moitas portas e serviron para amolecer moitas vontades que non vían, inicialmente, os seus proxectos cos mellores ollos. En fin, era un home, como acertadamente o cualificou a profesora MacDermott, «fecundo en recursos».

O discurso expositivo desta mostra amosouse, fundamentalmente, a partir de vinte paneis que presentaban como fondo, a maioría deles, vellas fotografías dos aborixes, da autoría doutro tudense singular, Santos Salvado, irmán de Rosendo. Ao pé dos paneis figuraba unha palabra da lingua aborixe tomada do glosario elaborado por Salvado a partir dos seus estudos etnográficos, e todos os paneis, no seu conxunto, describían, por orde cronolóxica, os principais fitos do seu labor culturizador a prol do pobo aborixe. Eran coma unha biografía sucinta do beneditino, na que se resaltaban aqueles trazos que podían deixar unha maior pegada nas mentalidades pragmáticas destes albores do século vinte e un. A exposición complementouse cunha serie de pezas da época, que axudaban a visualizar, no concreto, as ilusións dun misioneiro que, co paso dos anos, se foi adaptando ao mundo material e espiritual dos nativos ata facerse coma un deles.

Para levar a bo porto este traballo expositivo foron de inestimable axuda o labor e os consellos de D. Avelino Bouzón, director do Arquivo Diocesano. Sempre amable e sempre disposto a destacar o valor a figura e a obra do padre Salvado, de quen o coñece case todo. Outras persoas e institucións tudenses e galegas tamén colaboraron prestando, con xenerosidade, diversas pezas para esta exposición. De entre elas, é salientable o Concello de Tui, que desde o primeiro momento axudou con eficacia o Consello da Cultura Galega na montaxe, sempre complexa, desta mostra. Así mesmo, as comunidades beneditinas de Trasmañó, en Galicia, e de Nova Nursia, en Australia, e a Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, así como o prior da abadía de Samos, o padre José Luis Vélez Álvarez, OSB. A todos eles, o agradecemento máis sincero.

O 2014 pasou e, da mesma maneira que as actividades do ano 2001 foron deixando os seus pequenos pousos na recuperación da memoria dun galego ilustre, cos actos deste ano tentouse dar o paso definitivo na consolidación da figura de Rosendo Salvado como un dos tres beneditinos singulares que, xunto con Sarmiento e Feijoo, deu Galicia á historia universal.

Rosendo Salvado foi un gran músico, aspecto da súa biografía que o Consello da Cultura Galega non quixo deixar pasar nesta celebración. Editou a súa música culta para piano e fixo o encargo dunha obra para percusión ao compositor galego Antón Alcalde, inspirada na melodía aborixe *Maquieló*, que Salvado transcribiu. Unha música coa que os nativos do pobo yued se animaban no traballo. Hai outras transcricións de Salvado sobre músicas aborixes que permanecen inéditas. Ritmos e harmonías, todos eles, que deberon estar presentes na vida do beneditino como unha paisaxe afectiva que serviría de encadre vital para seus heroicos e difíciles logros. Por iso, para rematar, estimo que estas palabras dun poema de Pere Casaldàliga poderían servir como un bo resumo do que foi a vizosa peregrinación de Rosendo Salvado polas terras austrais: *Fai do canto do teu pobo / o ritmo do teu marchar.*